

A flota da esperanza

Despois de pasado un mes do accidente do Prestige, agardamos a chegada dunha terceira ondada dese piche noxento que trae a tristeza. Despois dos centos de horas de traballo dos milleiros de mariñeiros e voluntarios, despois de verquer tantas bágoas, despois de expresar tan xustos xuramentos, despois de tantos falares, despois de tantas páxinas escritas, despois de tantas fotos heroicas que percorreron o planeta, despois, despois... seguimos como no día despois, perseguidos pola carreira do mesmo tigre enfurecido que axexa cada noite traendo a morte.

Despois de pasado un mes, seguimos en stand-by á sorte do rolar do vento, defendidos realmente só pola frota da esperanza, a dos nosos mariñeiros e as súas familias que autoorganizados e cos seus propios medios tratan de impedir que as acometidas do tigre acaden os nosos cantís e areais. Despois de varias semanas termando do fío da catástrofe seguimos desamparados e sós, luxados tamén pola marea da mentira, esoutro chapapote pegañento duns gobernantes incapaces de retroceder nin sequera un só milímetro e asumir diante da cidadanía e dos parlamentos que a representan, as responsabilidades das súas omisións e dunhas decisións erradas (que as houbo, por moito que intenten agochalo), que ocasionaron consecuencias tan graves como as desta marea negra.

Despois de pasado un mes, o desacougo e o medo invade os nosos corazóns por que no combate contra as gadoupas do tigre asasino seguemos sen solucións, sen medios eficaces para intentar ferilo de morte. Despois de varias semanas, seguimos sen contar cun plan que pretenda evitar que do corazón do tigre siga manando esas 125 toneladas diarias dun veneno que vai estragar irreversiblemente o perfil litoral atlántico e cantábrico da península e as posibilidades de futuro da súa poboación. Despois de tantos días, seguimos sen contar co número suficiente de grandes embarcacións anticontaminación que combatan o piche en alta mar, e só podemos aliviar o noso desacougo con algunhas iniciativas do sector pesqueiro para facerlle fronte cos seus aparellos de arrastre ou cos plans e medios reclutados polo goberno do noso país irmán, “Menos mal que nos queda Portugal”, pensamos tantas veces os galegos ao longo destas tristes xornadas de emerxencia nacional.

Despois de tantas promesas gobernamentais de que chegaría o ouro e o mouro, seguimos sen contar cun plan de reconstrucción nacional para afrontar o “día despois” do desastre, e nin sequera coa esperanza de que chegarán cartos suplementarios dos Fondos de Solidariedade da Unión Europea, como sucedeu nas inundacións do verán en Alemaña, Francia e Austria, por que isto non é unha catástrofe natural. A Unión Europea obríganos a arranxarnos coa posibilidade da reasignación ou do adianto dos fondos, que xa nos correspondían, ou aspirar á esmola deses posibles cinco millóns de euros do Fondo que só poderían usarse para a limpeza de praias; cantidade ridícula se a comparamos coas proporcionadas por entidades e empresas galegas como Caixanova, Caixagalicia ou Inditex.

Despois de pasado un mes, sen embargo, Galicia xa non é o mesmo país, por que da viscosidade do piche foi emerxendo un pulmón cívico potente, que fixo rebentar nas rúas a súa voz de forma unánime para impedir que se roube o futuro noso. Despois destas xornadas, Galicia foi capaz de cambiar o seu ritmo, habitualmente resignado e sosegado, e reinventarse a sí mesma como unha sociedade rebelde que intentará transformar a súa desgracia en mellores posibilidades de futuro. Velaí o acelerón histórico que promove esa marea branca de voluntarios, esa frota da esperanza dos mariñeiros, esa voz cívica dos manifestantes nas cidades, esa resposta inmediata dalgúns concellos propor-

cionando o que outros negan, esa valentía dos traballadores dos medios de comunicación públicos que denuncian a censura e a manipulación informativa á que están sometidos.

Despois de pasado un mes, Galicia non precisa da caridade nin da compaixón dos marathóns televisivos da propaganda governamental. Despois de pasado un mes, a sociedade civil galega segue esixindo que o Estado e a Unión Europea proporcionen tódolos medios aos que ten dereito para vencer o tigre. Este é outro S.O.S. que ten que ser atendido. Non facelo sería o mesmo que fundir o único que posuímos, a nosa frota da esperanza.

Nº 174, 15-12-02